Unidade 5 - Práctica

Sumario

- 1 Introdución
- 2 Nome do proxecto
- 3 Activity Principal
- 4 Obtención da foto
- 5 Empaquetado

Introdución

Nesta ocasión imos crear unha aplicación para traballar con menús e a cámara de fotos.

Nome do proxecto

- Nome do proxecto e da activity principal: **I5_<username>**

Activity Principal

- Posúe:
  - Un **TextView** co nome "Lanzar cámara"
    - Ao premer nel un anaco de tempo debe lanzar un menú contextual que permita lanzar a cámara de fotos.
  - Un **menú** con dous ítems:
    - Lanzar camara: debe ter unha imaxe dunha cámara e debe aparecer sempre na barra de acción. Ao seleccionar este ítem debe suceder o mesmo que cando se selecciona o menú contextual do TextView.
    - Saír: non debe aparecer na barra de acción (si no menú overflow) e ao premer nel débese pechar a aplicación.
  - Unha vista **ImageView** que servirá para amosar a foto que se devolve, se se realizou a foto, cando se volve da activity que manexa a cámara de fotos.

Obtención da foto

- Dende a Activity principal lanzar a aplicación do S.O. Android que nos permita obter unha foto.
- Lanzar a cámara a través dun intent do tipo MediaStore.ACTION_IMAGE_CAPTURE.
- Cando se volva desta Activity á Activity principal debe recoller a foto realizada, no caso de realizarse.

Empaquetado

- Xera un apk firmado para distribuír a aplicación con contrasinal: **abc123.** (punto final incluído)

-- Ángel D. Fernández González e Carlos Carrión Álvarez -- (2015).